

# UNIDADE

# 11

## A Filosofía

ÍNDICE DE CONTIDOS
<ul style="list-style-type: none"><li>1. LINGUA<ul style="list-style-type: none"><li>• AS ORACIÓNS ADVERBIAIS OU CIRCUNSTANCIAIS I</li><li>1.1. ORACIÓNS FINAIS</li><li>1.2. ORACIÓNS CONSECUTIVAS</li><li>1.3. ORACIÓNS CAUSAIS</li><li>1.4. ORACIÓNS TEMPORAIS</li></ul></li><li>2. LITERATURA<ul style="list-style-type: none"><li>• A FILOSOFÍA</li></ul></li><li>3. TEXTOS</li></ul>

O apartado "Lingua" pretende dotarte dos últimos instrumentos básicos para comprender as estruturas sintácticas do grego: o estudo das oracións adverbiais finais, consecutivas, causais e temporais, con exemplos e exercicios.

Nesta unidade vas aproximarte a unha creación fundamental dos gregos, a filosofía, unha forma de achegarse á realidade con espírito analítico e crítico, que aínda hoxe permanece vixente. Verás que algunhas características da filosofía grega seguen sendo propias do modo de razoar do home moderno e que a terminoloxía filosófica creada polos gregos segue sendo, en esencia, a nosa.

Vala estudar a través dos "Textos". Estes están seleccionados de filósofos de diversos períodos, o que che permitirá, ao tempo de te familiarizar cos textos filosóficos (menos difíciles do que poderías crer nun principio) e co seu vocabulario, advertir a diversidade de temas que foron abordados polos filósofos gregos ao longo da súa historia.

# 1. Lingua

## As oracións adverbiais ou circunstanciais I

As oracións adverbiais responden á necesidade de crear adverbios complexos, isto é, oracións que equivallan a adverbios ou a complementos circunstanciais, para completar ou matizar o pensamento expresado na oración principal.

As oracións adverbiais clasifícanse en: finais, consecutivas, causais, temporais, condicionais, concesivas e comparativas. Vexamos nunha panorámica rápida as conxuncións con que se constrúen, o modo que levan e a súa tradución.

### 1.1. Oracións finais

Indican o *para que* da acción verbal expresada na oración principal. Constrúense con subxuntivo e as conxuncións máis usuais que as introducen son ἵνα, ὅπως (ὅν) e ὥς. A negación é μή.

Οἱ μὲν λοιποὶ ζῶσιν ἵνα ἐσθίωσιν, δὲ ἐσθίω ἵνα ζῶ.

*Os demais viven para comer, pero eu como para vivir.*

Se a principal está en pasado, a oración final tamén pode ir con optativo oblicuo.

Μένων ἐτεθύμει ἄρχειν ὅπως πλείω κερδαῖνοι.

*Menón desexaba gobernar para enriquecerse máis.*

Lembremos que tamén poden ter valor final: part. futuro, relativo mais fut. ind., τοῦ mais inf.

### 1.2. Oracións consecutivas

Indican a consecuencia da acción expresada na principal. Constrúense coas conxuncións ὥστε ou ὥς. Distínguense dous tipos:

a) Consecuencia realizada. Constrúense con indicativo e tradúcense *de tal xeito que, de sorte que*. A miúdo levan na principal un adverbio, como οὕτως, ou un correlativo, como τοσοῦτος, τοιοῦτος, que a anticipan.

Οἱ Μακεδόνες ἀσφαλῶς ἐπέρασαν τὸν ποταμὸν, ὥστε οὐδεὶς ἐβλάψετο ἐν τῇ ἀποχωρήσει.

*Os macedonios cruzaron o río dun xeito tan seguro que ningún foi ferido na retirada.*

b) Consecuencia lóxica, xeral ou posible (cando a consecuencia non se constatou na realidade, pero é esperable). Constrúense con infinitivo e tradúcense *que, como para*.

Κραυγὴν πολλὴν ἐποίουν, ὥστε καὶ τοὺς πολέμιους ἀκούειν.

*Provocaron un barullo tan grande que ata os inimigos poderían oírlo / como para que o oísen ata os inimigos.*

Λυγκεὺς οὕτως ὀξυδερκὴς ἦν, ὥς καὶ τὰ ὑπὸ γῆν θεωρεῖν.

*Linceo tiña unha vista tan penetrante como para ver mesmo o que estaba baixo terra.*

Lembremos que tamén pode expresar consecuencia: relativo mais indic.

## 1.3. Oracións causais

Indican a causa da oración principal. Constrúense con indicativo e coas conxuncións ἐπεὶ, ὅτι, διότι ou ὅπως. Tradúcense *porque, posto que, a causa de que, dado que*.

Πάντες ἐφίλουν τὸν στρατηγὸν ὅτι ἀνδρεῖος ἦν.

*Todos apreciaban ao xeneral, porque era valoroso.*

Ἐνικήθησαν οἱ στρατιῶται διότι οὐκ εἶχον ὅπλα.

*Os soldados foron vencidos porque non tiñan armas.*

Tamén: part. pres./aor., διὰ τὸ mais inf. pres./aor. (neg. μή)

## 1.4. Oracións temporais

Expresan relacións de tempo coa oración principal, referíndose a sucesos que aconteceron ao mesmo tempo, antes ou despois dos que se refiren na principal. Constrúense con ὅτε, ὅποτε, ὅταν, ἐπεὶ, ἐπειδὴ, ἕως, πρὶν, μέχρι con diferentes modos e valores. As traducións son: ὅτε, ὅποτε, ὅταν, ἐπεὶ *cando, tan pronto como, ἕως mentres, πρὶν antes de que, μέχρι ata que*, etc.

Ἐπεὶ πάντες ἐσιώπησαν, ἐκαθέζοντο.

*Cando todos calaron, sentaron.*

Ἰνδοὶ συγκατακαίουσιν, ὅταν τελευτήσωσι, τῶν γυναικῶν τὴν προφιλεστάτην.

*Os indios, cando morren, queiman con eles á máis querida das súas mulleres.*

Ἐπεὶ τάχιστα τοὺς πολεμίους εἶδον, ἔφυγον.

*Tan pronto como viron aos inimigos, fuxiron.*

Ταῦτα ἐποίουν μέχρι σκότος ἐγένετο.

*E facían iso ata que chegou a escuridade.*

✓ Realiza a πράξις 1

## 2. Literatura

### A Filosofía

Algunhas das características da filosofía grega seguen sendo propias da filosofía moderna. Poderíamos citar:

- a) **O carácter innovador**, de aventura intelectual que ten calquera especulación filosófica. Todo ensaio filosófico é un intento de "ir máis alá", de avanzar no coñecemento das cousas e de nós mesmos. Dalgún xeito representa dar un salto no baleiro do descoñecido, en busca de novas respostas.
- b) **A capacidade de formularse como dubidoso todo o que é aceptado**, a falta de comodidade, a actitude de saudable crítica dos valores recoñecidos, ata tanto que sexan racionalizables.
- c) **A adopción dunha forma literaria específica, o tratado filosófico**, cunhas normas que seguen *grosso modo* aínda vixentes no tratado científico moderno. Os gregos chegaron a esta adopción tras diversos tentos como o poema (caso de Parménides) ou o diálogo (caso de Platón).
- d) **O uso na terminoloxía filosófica de termos abstractos** que se sosteñen uns nos outros, se explican uns a partir doutros e forman unha armazón conceptual. Este sistema foi creado dunha vez e para sempre polos gregos e traducido e desenvolvido polos romanos. Así que o que herda dos gregos o filósofo moderno non é só unha terminoloxía, senón, indisolublemente ligada a ela, todo un xeito de conceptualizar o mundo, as relacións humanas, o funcionamento do pensamento e da linguaxe.

Imos centrarnos na configuración da terminoloxía filosófica que aínda hoxe usamos. Como xa dixemos, algúns dos termos filosóficos non nos chegaron na súa forma grega, senón na súa tradución latina. Ao crear o que chamamos filosofía e ante a necesidade de denominar conceptos novos, os filósofos gregos non tiñan outros recursos para expresalos máis que os da súa propia lingua: os sistemas de creación do vocabulario que lles eran propios. Pero estes procedementos son tamén os nosos, porque os herdamos deles. Citaremos algúns exemplos:

- Unha palabra que conservamos directamente herdada do grego é **idea**, en grego ἰδέα, que era un termo tomado da lingua común, onde significaba *visión* (da mesma raíz que dá lugar ao gr. εἶδον, aoristo do verbo *ver*). Pero pasou a significar unha *visión*, non concibida dende dentro, senón dende a cousa vista, a imaxe que unha cousa presenta á vista. A palabra formaba parte importante do sistema filosófico de Platón, pero logo pasou á linguaxe filosófica latina e europea, e mesmo como palabra de uso corrente na nosa linguaxe común.
- Un exemplo de termo grego traducido ao latín sería **δύναμις**, que significaba inicialmente *forza física*, de aí *poder* (por exemplo, poder político) ou, nun sentido xa máis abstracto, *capacidade*. Aristóteles elabora unha amplísima teoría da δύναμις ou potencialidade e inventa o ser en *potencia*, fronte ao ser en *acto* (**ἐν ἐνέργειᾳ**) que se refire á realización de tal posibilidade. Para que algo sexa ἐν ἐνέργειᾳ requírese que antes sexa ἐν δυνάμει, porque non poden realizarse máis que as posibilidades. A tradución latina, xa medieval, (aínda que con algún antecedente illado en literatura científica) do par de termos é *potentia* e *actus*, e deles derivan os nosos termos *potencia* e *acto*.

- Outro sería o caso de αἰτιον que procede do vocabulario xudicial e significaba *responsabilidade* (xudicial). Os filósofos aplican o termo a unha relación máis xeral, a que chamamos de *causa a efecto*. O latín traduce αἰτιον por *causa*, que tamén procede do vocabulario xudicial, pero que queda así cargada do valor filosófico que tiña en grego.
- **Outros termos** deste tipo serían: ψυχή, lat. *anima*, inicialmente *sopro vital*, logo *alma*; ὕλη, lat. *materia*, *madeira*, logo *materia*; μορφή, lat. *forma*, inicialmente configuración dunha cousa, logo *forma*, como concepto filosófico; ἀρχή, lat. *principium*, que xogan co dobre valor de ser o *primeiro* no tempo e nunha xerarquía; ἀριθμός, lat. *numerus*, con diversos sentidos, ou γένος, en latín *genus*, gal. *xénero*, por oposición a *especie*.

Estes exemplos poden dar idea de como os gregos e, tras eles, os romanos, non só crean unha terminoloxía, senón que relacionan entre si os termos creados nunha soberbia construción racional. Ben sexa as cuñaxes novas, específicas ou non, ben sexa palabras ás que se dotou dun sentido técnico e pasaron ás linguas modernas con toda a súa carga cultural, o feito é que os instrumentos con que se constrúe a filosofía moderna proceden en último termo da antigüidade clásica, obrigando aos filósofos actuais e aos do futuro a dialogar constantemente cos antigos, ao ter que utilizar as súas ferramentas (as súas palabras) e a moverse dentro dun edificio conceptual, que pode recibir ao longo do tempo, sen dúbida, múltiples ampliacións e retoques, mesmo moi substanciais, pero no que sempre seguiremos recoñecendo o vello edificio e as vellas ferramentas dos clásicos que non perden nunca a súa identidade orixinaria.

### O "CONFLITO XERACIONAL": COMO SON OS MOZOS

Aristóteles estuda na Retórica todos os elementos que interveñen no discurso: o emisor (o orador), o receptor (as persoas ás que o discurso vai dirixido) e a mensaxe (o propio discurso). Nesta pasaxe estuda a un tipo de receptores, os mozos, polo que presenta unha descrición das súas características psicolóxicas. Observaremos que as cousas non variaron moito dende Aristóteles ata os nosos días.

*Efectivamente, os mozos, en canto ao seu modo de ser, son propensos a desexar e a facer o que desexan. En canto aos desexos do corpo, son especialmente inclinados aos sexuais e incapaces de dominalos, aínda que tamén son inconstantes e dados a aburrirse dos seus desexos; desexan vehementemente, pero pásaselles rapidamente. E é que os seus impulsos son agudos, pero non intensos, como a sede e a fame dos enfermos. Son temperamentais, vehementes e inclinados á ira, e déixanse dominar polos seus impulsos, pois polo seu honor non soportan sentirse menosprezados, senón que se irritan se cren que sofren un trato inxusto. Son desexosos de prestixio, pero sono máis de gañar, pois a xuventude desexa ardentemente a superioridade, e a vitoria é unha forma de superioridade. En cambio ambas as dúas cousas son máis importantes para eles que o desexo de diñeiro. E é que son moi pouco desexosos de diñeiro porque non experimentaron aínda o que significa a súa falta, como di a máxima de Pítaco dirixida a Anfiarao. Non teñen mal natural, senón bo, porque aínda non coñeceron moitas perversidades. Son confiados porque aínda non os enganaron moitas veces, e esperanzados, porque teñen unha calor natural, semellante ao que senten os borrachos, ademais de porque aínda non fracasaron moitas veces. A maior parte da súa vida está chea de esperanza, porque a esperanza se refire ao porvir e o recordo, ao pasado, e para os mozos o futuro é longo e o pasado, curto; no primeiro día, por dicilo así, non se pode recordar nada e si esperar todo. Tamén son enganadizos, polo dito, pois esperázanse con facilidade, e máis valorosos, porque son impulsivos e cheos de esperanza: o primeiro quítalles o medo, o segundo dálles ánimos, pois ninguén teme cando está indignado, e esperar un ben dá ánimos. Ademais son vergonzosos, pois aínda non se formulan outras metas nobres, senón que están educados só nas convencións. E magnánimos, pois aínda non se viron humillados pola vida nin aprenderon a que*

*nos vemos obrigados, amais de que a magnanimidade implica que nos consideramos dignos de grandes cousas, e iso é cousa de quen está cheo de esperanza. Prefiren realizar accións fermosas mellor que proveitosas, pois viven máis de acordo co seu modo de ser que co cálculo, e é que o cálculo refírese ao proveitoso, e a excelencia, ao fermoso. Son máis amigos dos seus amigos e dos seus compañeiros que os das demais idades porque gozan de vivir en compañía e aínda non elixen nada de acordo co proveito, e en consecuencia, tampouco aos amigos. Todos os seus erros son por exceso e impetuosidade, en contra da máxima de Cílón, xa que todo o fan en exceso: aman en exceso, odian en exceso e en todo o demais é polo estilo. Cren sabelo todo e están absolutamente seguros, e iso é o motivo de que todo o fagan en exceso. Cometén agravios para inxuriar, non por facer dano. Son compasivos, porque supoñen a todo o mundo nobre e mellor do que é, pois miden aos demais pola rapadoira da súa propia inocencia, de sorte que supoñen que os seus sufrimentos son inmerecidos. Son propensos a rir e por iso tamén bromistas, pois a broma é unha insolencia temperada pola boa educación. Así é, pois, o modo de ser dos mozos.*

Aristóteles, *Retórica* 1389a 2 ss.

✓ Realiza a πράξις 2

## 3. Textos

### TEXTO 1

#### TRABALLADORES MANUAIS



Imaxe de terracota dunha muller moendo..

Platón resume aquí a forma de vida e a actividade laboral dos cidadáns dedicados a traballos artesanais.

Οἱ πολῖται διαιτῆσονται σιτόν τε ποιοῦντες καὶ οἶνον καὶ ἱμάτια, καὶ ὑποδήματα καὶ οἰκοδομήσουσιν οἰκίας, θέρους<sup>1</sup> μὲν γυμνοὶ καὶ ἀνυπόδητοι ἐργάσονται, θρέψονται<sup>2</sup> δὲ ἐκ μὲν τῶν κριθῶν ἄλφιστα κατακλινέντες ἐπὶ στιβάδων. Εὐωχήσονται αὐτοὶ τε καὶ τὰ παιδιά, ἐπιπίνοντες τοῦ οἴνου καὶ ἡδέως συνόντες ἀλλήλοις.

PLATÓN, *República* 372a.

<sup>1</sup> Ten valor adverbial, *no verán*. | <sup>2</sup> Fut. ind. med. de τρέφω.

#### Actividades:

1. Con quen concerta o participio ποιοῦντες e que relación ten co verbo principal?
2. A quen complementa ἐκ τῶν κριθῶν?
3. Traduce o texto.
4. Que tipo de alimentación tiñan os gregos, segundo do texto?

### TEXTO 2

#### O HOME E A CIDADE

Aristóteles expón a súa coñecida definición do home como animal social.

Ἐκ τούτων<sup>1</sup> οὗ φανερόν<sup>2</sup> ὅτι τῶν φύσει<sup>3</sup> ἡ πόλις ἐστὶ, καὶ ὅτι ὁ ἄνθρωπος φύσει πολιτικὸν ζῷον, καὶ ὁ ἄπολις διὰ φύσιν καὶ οὐ διὰ τύχην ἥτοι φαῦλός ἐστιν, ἢ κρείττων ἢ ἄνθρωπος· διότι<sup>4</sup> δὲ πολιτικὸν ὁ ἄνθρωπος ζῷον πάσης μελίττης<sup>5</sup> καὶ παντὸς ἀγελαίου ζώου μᾶλλον, δῆλον.

ARISTÓTELES, *Política* 1253a 1ss.

<sup>1</sup> A partir disto (refírese ao dito antes). | <sup>2</sup> Hai que sobreentender ἐστὶ. | <sup>3</sup> Das cousas da natureza. | <sup>4</sup> Dependence de δῆλον (ἐστὶ): o motivo polo que... | <sup>5</sup> Xen. segundo termo da comparación.

#### Actividades:

1. Análise das oracións subordinadas.
2. Indica helenismos procedentes de palabras do texto.
3. Traduce o texto.